



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
AGRA DE RAÍCES



FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO E AXUDAS LIBROS E MATERIAL

No DOG do día 20 de maio de 2024 publícase a Orde do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan **axudas** para adquirir libros de texto e **material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H).

O IES Agra de Raíces está incluído no proxecto educación dixital (E-DIXGAL), polo tanto, o alumnado está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, terá dereito á axuda para adquirir material escolar, así como ás establecidas nas disposicións adicionais primeira e segunda, se reúne os requisitos establecidos nesta orde.

As **solicitudes presentarase preferiblemente por vía electrónica** a través do **formulario normalizado (ED330B-anexos I e II)** accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> Opcionalmente, **poderá presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes** ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Prazo: **remata o 21 de xuño de 2024** (incluído)

Para consultar a orde (co impreso de solicitude) pincha [aquí](#).